

PROXECTO PLURILINGÜE

CURSO 2025/26

O Proxecto Plurilingüe do centro enmárcase nas liñas prioritarias da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, co obxectivo de fomentar a competencia comunicativa do alumnado nas distintas linguas. Este proxecto pretende promover o uso e a aprendizaxe integrada de linguas estranxeiras en áreas non lingüísticas, apoiándose nunha metodoloxía activa, comunicativa e inclusiva.

- **Lingua na que se imparte:** Inglés.
- **Área e sesións:** 16 sesións semanais entre ARTS & CRAFTS e Lingua Inglesa.
- **Cursos nos que se imparte:** Educación Infantil (4º, 5º e 6º) e Educación Primaria (dende 1º a 6º).

Profesorado participante:

O equipo plurilingüe está formado polos mestres que imparten **Arts & Crafts** e polo **coordinador**, que é o mestre de inglés. En cada nivel impártese a materia por un mestre ou mestra, agás en **6º de primaria**, onde unha mestra imparte en **6ºA e 6ºB** e outra en **6ºC e 6ºD**. Ademais, as outras dúas mestras de inglés contan coa presenza da **auxiliar de conversa** en varias sesións semanais, polo que tamén participarán nas reunións e proxectos que se leven a cabo.

1. OBXECTIVOS XERAIS

- O obxectivo fundamental é **expor o alumnado a unha terceira lingua**, favorecendo o seu desenvolvemento integral.
- **Mellorar as competencias lingüísticas** do alumnado bilingüe, para quen o inglés non é a segunda senón a terceira lingua, facilitando así a súa integración nunha sociedade plurilingüe e pluricultural. Esta condición de bilingüismo resulta especialmente positiva na adquisición de terceiras linguas, xa que a primeira, segunda e terceira conviven, se nutren e retroaliméntanse nun contexto de completa normalidade.
- **Fomentar a pluralidade lingüística e cultural** no centro educativo, co obxectivo de lograr a plena integración do alumnado nun contexto cultural e económico globalizado.

- **Promover o desenvolvemento dun currículo integrado de linguas**, que favoreza a transferencia de coñecementos e competencias dunha lingua a outra.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- **Formar o alumnado en linguas estranxeiras** ao tempo que se traballan contidos non lingüísticos.
- **Reforzar as competencias adquiridas**, proporcionando novos contextos de uso da lingua estranxeira dentro do contorno escolar.
- **Fortalecer as competencias lingüísticas** do centro nun contexto plurilingüe.
- **Mellorar o dominio efectivo das linguas estranxeiras** por parte do alumnado.
- **Promover o desenvolvemento dun currículo integrado das linguas**, favorecendo a transferencia de coñecementos e competencias entre elas.
- **Fomentar a aprendizaxe significativa e autónoma**, de modo que os nenos e nenas aprendan a aprender por si mesmos en diferentes situacións e contextos.
- **Favorecer a apertura a outras experiencias culturais**, ofrecendo ao alumnado a posibilidade de coñecer o mundo a través desta experiencia multicultural e da lingua franca que é o inglés.

2.1 Obxectivos específicos por etapas

Educación Infantil

- Expresar libremente ideas e sentimentos a través da elaboración de obras artísticas creativas.
- Utilizar a lingua inglesa nas distintas situacións comunicativas que se produzan na aula: pedir material, comentar as producións artísticas propias e das compañeiras e compañeiros, describir obras de arte, solicitar información, etc.
- Traballar en colaboración co profesorado de inglés e coa auxiliar de conversa para que o alumnado poida aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos na clase de inglés nas sesións de plástica.
- Aproveitar a presenza da auxiliar de conversa para abordar aspectos culturais e a linguaxe coloquial.
- Explorar e utilizar materiais plásticos diversos.
- Gozar das obras de arte, desenvolvendo a sensibilidade e o gusto polo belo e o creativo.

Educación Primaria

- Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar os elementos constitutivos das obras artísticas.
- Traballar en colaboración co profesorado de inglés e coa auxiliar de conversa para que o alumnado poida aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos na clase de inglés nas sesións de plástica.
- Aproveitar a presenza da auxiliar de conversa para traballar aspectos culturais e a linguaxe coloquial.
- Utilizar a lingua inglesa nas distintas situacións comunicativas que se produzan na aula: pedir material, comentar as producións artísticas propias e das compañeiras e compañeiros, describir obras de arte, solicitar información, etc.
- Relacionar a área de plástica coas distintas materias do currículo (Matemáticas, Coñecemento do Medio, Linguas...).
- Analizar imaxes en función dos sentimentos que transmiten.
- Expresar libremente ideas e sentimentos a través da elaboración de obras artísticas creativas.
- Ter confianza nas propias realizacións artísticas e gozar co proceso creativo.
- Explorar e utilizar materiais plásticos diversos.
- Describir as calidades (tamaño, forma, cor, peso, textura, etc.) de materiais e obxectos manipulables presentes no contorno, como resultado dunha exploración multisensorial e lúdica.
- Aplicar os coñecementos sobre as características visuais, plásticas e espaciais de situacións e obxectos do contorno para mellorar a actividade expresiva e a comunicación icónica.
- Gozar das obras de arte, desenvolvendo a sensibilidade e o gusto polo belo e o creativo.
- Realizar producións artísticas colectivas, cooperando na elaboración dun produto final e valorando as achegas dos demais.
- Coñecer algunhas profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo dos artistas e gozando como público das súas creacións.

3. CONTIDOS

3.1 Contidos Educación Infantil

- As cores e texturas na educación artística.
- Discriminación de materiais, cores, formas, volumes ou liñas nas imaxes, nos obxectos e nas obras artísticas.
- Curiosidade e interese por descubrir as posibilidades artísticas do contorno.
- Composicións plásticas empregando distintos materiais e técnicas.
- Recreación de obras de arte.

3.2 Contidos 1º e 2º de Primaria

- Observación e exploración sensorial dos elementos presentes no contorno.
- Diálogo con obras de arte e comentarios sobre elas.
- Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas do contorno.
- Iniciación ao coñecemento de identificadores artísticos da cultura galega e de países de fala inglesa.
- Observación e identificación de imaxes presentes en contextos próximos.
- Observación e comparación de diferentes representacións artísticas dun mesmo motivo.
- Establecemento de relacións entre manifestacións artísticas e textos.
- Comparación e exploración de diversos materiais, observando como se transforman en producións artísticas. Fomento da fantasía.
- Experimentación con distintos tipos de pintura e soportes diversos.
- Busca sensorial de diferentes texturas mediante o uso de diversos materiais.
- Composición individual e en grupo de debuxos, pinturas, colaxes, ilustracións, etc., utilizando materiais de refugallo así como materiais e elementos plásticos.
- Manipulación e transformación de obxectos.
- Uso progresivo de imaxes de distintas fontes.
- Investigación e experimentación de distintos modos de representar a figura humana.

3.3 Contidos 3º e 4º de Primaria

- Clasificación de texturas e tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais exploradas sensorialmente.
- Identificación de elementos artísticos e obras de arte na vida cotiá.
- Identificación de variedade de materiais e técnicas do contorno artístico e cultural e dos medios de comunicación.
- Valoración e identificación de producións artísticas do patrimonio cultural galego.
- Respecto e coidado do contorno.
- Interese por buscar información sobre producións artísticas e os seus autores/as.
- Interese por dialogar con obras de arte, expresando opinións e emocións.
- Análise de imaxes en distintos formatos.
- Comparación de mostras de distintos materiais e observación destes.
- Exploración de distintas formas, texturas e obxectos utilizando diferentes sentidos.
- Recoñecemento de identificadores artísticos de distintas culturas.
- Busca das posibilidades da cor.
- Experimentación con liñas diversas e formas en distintas posicións.
- Elaboración individual e colectiva de imaxes en carteis, murais, etc.
- Uso de distintos recursos para a elaboración de producións artísticas.
- Aplicación, en producións propias, de aspectos observados en obras artísticas.
- Valoración do coñecemento de distintos códigos artísticos para expresar sentimentos e ideas.
- Recreación de obras de arte significativas.
- Seguridade no uso progresivo de materiais e obxectos do contorno para expresar e comunicar aspectos do mundo propio.

3.4 Contidos 5º e 6º de Primaria

- Observación e discriminación de materiais, cores, volumes, texturas e contornos nas obras artísticas.
- Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas de elementos naturais.

- Descubrimento e identificación de elementos artísticos e obras de arte na vida cotiá e nos medios de comunicación.
- Exploración das características, elementos, técnicas e materiais das obras artísticas.
- Valoración positiva da diversidade de opinións.
- Iniciación á análise das formas de representación de volumes no plano.
- Análise e valoración da intención comunicativa das imaxes en medios e tecnoloxías da información.
- Comparación de mostras de distintos materiais e observación destes transformados en producións artísticas.
- Coñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración destes como enriquecedores da nosa.
- Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal.
- Aplicación de cores complementarias ou opostas como medio de expresión e representación.
- Exploración dos cambios que experimentan volumes, persoas e espazos pola incidencia da luz.
- Exploración de materiais diversos para atopar os máis axeitados para unha produción artística.
- Elaboración de producións plásticas empregando técnicas mixtas, texturas diferentes e materiais, instrumentos e soportes variados.
- Creación de decorados e exposicións relacionadas coas actividades do centro.
- Realización de fotografías.
- Emprego das TICs para o tratamento de imaxes.
- Preparación de documentos propios da comunicación artística.
- Incorporación de terminoloxía propia da linguaxe plástica.
- Apreciación da orixinalidade como fundamento da conduta creativa e respecto ás obras doutras persoas.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.1 Criterios de Avaliación Educación Infantil

- Realiza composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.
- Proba en producións propias as posibilidades que adoptan formas, figuras e cores.
- Coida o material.

4.2 Criterios de Avaliación 1º Ciclo

- Percibe calidades e características de materiais e obxectos do contorno e recoñece neles posibilidades de transformación artística.
- Identifica diferentes formas de representar o espazo e a figura humana.
- Proba en producións propias as posibilidades que adoptan formas, figuras e cores.
- Realiza composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.
- Coida e trae o material necesario para a clase de Plástica.

4.3 Criterios de Avaliación 2º Ciclo

- Representa imaxes da realidade cotiá e do contorno, seleccionando as técnicas e materiais máis apropiados.
- Intervén e coopera en traballos de creación artística, organizando e coidando o material utilizado.
- Explora as calidades dos materiais (plásticos, metálicos, téxtiles e de refugallo) e as súas posibilidades expresivas.
- Mostra interese pola calidade na execución das súas creacións e goza coa súa realización, explicando as súas intencións expresivas.
- Usa adecuadamente termos propios da linguaxe plástica.
- Conserva e respecta o medio ambiente e as formas artísticas do contorno.
- É capaz de seguir instrucións dadas en inglés e intenta empregar a lingua inglesa co/a profesor/a e cos/as compañeiros/as.
- Coida e trae o material necesario para a clase de Plástica.

4.4 Criterios de Avaliación 3º Ciclo

- Busca, selecciona e organiza información sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas.
- Formula opinións acerca das manifestacións artísticas ás que accede.
- Produce obras plásticas de forma cooperativa.
- Comproba as posibilidades de aplicación de materiais, texturas, formas e cores sobre diferentes soportes.
- Representa de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos recursos que a linguaxe plástica e visual proporciona.
- Usa axeitadamente as TICs para empregar aplicacións básicas no tratamento da imaxe e creación de producións propias.
- Identifica manifestacións plásticas propias de Galicia e de países de fala inglesa.
- Coida e trae o material necesario para a clase de Plástica.

4. PROGRAMACIÓN CONXUNTA DE LINGUA ESTRANXEIRA

- **Instrucións básicas:** sit down, listen, look at me, time to tidy up, hand in your work, toilet please, etc.
- **Materiais de aula:** crayons, pencil, rubber, felt-tip pens, ruler, paint, etc.
- **Números:** do 1 ao 100.
- **Cores.**
- **Saúdos:** Hello, good morning, bye, see you later, etc.
- **Preguntas WH e de si/non.**
- **There is / There are.**
- **He / She has got.**
- **What's he/she doing? He's/She's...-ing.**
- **Edifícios:** shops, supermarket, school, factory, etc.
- **Descricións.**
- **Roupa de inverno:** trousers, tracksuit, shirt, shoes, boots, socks, jacket, turtleneck, sweater.
- **Preposicións:** in, on, under, over, etc.

- **Halloween:** costumes, games, pumpkin lanterns, parties, witch, bat...
- **Verbos:** make, go, wear, play, can, etc.
- **Sentimentos:** I'm scared, happy, sad, angry, surprised, etc.
- **Animais:** hamster, dog, tortoise, bird, fish, grasshopper, spider, tiger, elephant, gorilla, snake, crocodile, leopard, whale, lion, zebra, giraffe, bird.
- **Partes do corpo dos animais:** eyes, mouth, legs, wings, antennae, whiskers, teeth, tail, body, tongue, ears.
- **Verbos de animais:** sleep, eat, live, etc.
- **Habitats:** jungle, sea, grasslands.
- **Adxectivos:** long, big, small, etc.
- **Gustos e preferencias:** I like, I don't like.
- **Educación en cortesía:** Saying thank you and please.
- **Pedir permiso:** Can I ...?
- **Palabras relacionadas con tempos, lugares e datas.**
- **Estacións:** seasons.
- **Tempo:** cold, snowing, cloudy, sunny, raining, hot, windy, foggy, etc.
- **Paisaxes:** mountains, beach, continent, land, ocean, pole, river, lake, sea, etc.
- **Celebracións:** Halloween, Thanksgiving, Christmas, Valentine's Day, Easter, etc.

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Os traballos de plástica estarán relacionados cos contidos que se imparten noutras áreas:

- **Matemáticas:** corpos e figuras xeométricas, simetría, etc.
- **Coñecemento do medio.**
- **Linguas:** busca de información sobre artistas e movementos pictóricos.
- **Proxectos a nivel centro.**

Realizaranse traballos individuais e tamén en equipo, para decorar a aula e os corredores con motivos relacionados coas actividades complementarias do centro (Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas...).

Empregarase a lingua inglesa o máximo posible na clase de plástica e valorarase que o alumnado tamén a utilice.

Utilizaranse presentacións e actividades interactivas no encerado dixital ou panel dixital, así como os equipos portátiles EDixgal do alumnado.

5.1 COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística

- Describir e valorar unha obra artística.
- Obter información a partir da observación.
- Adquirir vocabulario específico de plástica en inglés.
- Xerar intercambios comunicativos en inglés, aplicando coñecementos adquiridos na clase de inglés, e falar sobre as súas expresións artísticas.

Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico

- Utilizar diferentes técnicas plásticas.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un entorno físico agradable e saudable, empregando o medio como pretexto para a creación artística.
- Apreciar o entorno a través de cores, formas e texturas presentes na natureza e nas obras de arte.

Competencia matemática

- Representar xeometricamente debuxos e formas de seres e obxectos cotiás.
- Seleccionar técnicas adecuadas para calcular proporcións e dimensións.
- Recoñecer as principais figuras e corpos xeométricos que poidan aparecer nunha obra de arte.

Tratamento da información e competencia dixital

- Transmitir información mediante técnicas plásticas e analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre artistas e as súas obras para o seu coñecemento e goce.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coas artes visuais.

Competencia social e cidadá

- Coidar e conservar os materiais plásticos da aula.
- Respetar as representacións artísticas presentes no contorno.

- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada, seguindo normas e instrucións.
- Empregar materiais de refugallo nas producións plásticas.

Competencia cultural e artística

- Ter interese por experimentar con técnicas e materiais diversos.
- Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representar formas presentes no espazo natural.
- Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar técnicas propias de cada un.
- Valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, respectando as contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender

- Mostrar curiosidade polo resultado final dunha actividade.
- Indagar e planificar procesos creativos.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e utilizar coñecementos en situacións diferentes.

Autonomía e iniciativa persoal

- Manipular materiais e adquirir bagaxe expresiva plástica.
- Fomentar a creatividade e a orixinalidade.
- Escoller recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.

5.2 AUXILIAR DE CONVERSA

A auxiliar de conversa, de nacionalidade estadounidense, apoia ao profesorado que imparte o proxecto nas materias de plástica e/ou inglés durante 16 sesións semanais. Estará no colexio dende outubro ata maio.

Debido ao número de grupos e coa finalidade de optimizar ao máximo este recurso humano, a carga horaria da auxiliar organízase en dous horarios diferenciados, que se

alternan semanalmente. Ademais, a auxiliar dispón dun día libre á semana, como se pode ver no seguinte horario.

1st & 3rd week	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:45-10.35			4ºA	ARTS 6ºD	4ºB
10:35-11:25			ARTS 1ºB	ARTS 1ºC	5ºB
11:25-12:15		5ºC	ARTS 1ºA	ARTS 6ºB	5ºA
12:15-12:25	SNACK				
12:25-12:55	BREAK				
12:55-13:50		ARTS 4ºB	ARTS 4ºC	ARTS 6ºA	
13:50-14.45		4ºC	ARTS 4ºA	ARTS 6ºC	

2nd & 4th week	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:45-10.35				6ºC	6ºB
10:35-11:25		ARTS 2ºC	ARTS 3ºA	ARTS 5ºB	2ºA
11:25-12:15			ARTS 3ºB	ARTS 5ºA	2ºC
12:15-12:25	SNACK				
12:25-12:55	BREAK				
12:55-13:50		ARTS 2ºB	2ºB	ARTS 5ºC	6ºD
13:50-14.45		ARTS 2ºA	ARTS 3ºC		6ºA

En conclusión, o Proxecto Plurilingüe do centro promove unha aprendizaxe integrada e significativa das linguas, especialmente do inglés, en diferentes áreas do currículo, favorecendo o desenvolvemento integral do alumnado e a súa competencia comunicativa. A colaboración do profesorado e da auxiliar de conversa permite que o alumnado utilice a lingua estranxeira de forma práctica e contextualizada, ao tempo que se fomenta a creatividade, a sensibilidade artística e o respecto polo patrimonio cultural propio e doutras culturas. Deste xeito, o proxecto contribúe á formación dunha comunidade educativa plurilingüe, inclusiva e aberta á diversidade cultural.